

DECRETO

Ilma Sra. D^a Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído expediente relativo a: convocatoria do concurso infantil de disfraces Entroido 2022.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, do teor literal seguinte:

"ASUNTO: CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022

COMPETENCIA MUNICIPAL

Segundo o establecido no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a promoción da cultura é unha competencia municipal propia. En base a isto, desde a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua organízanse diferentes actuacións ao longo do ano para desenvolver unha programación cultural que facilite a participación da cidadanía nestas actividades.

INFORME

Como ven sendo habitual, coincidindo coas festas do Entroido, o Concello organiza un concurso de disfraces dirixido a todas aquelas persoas que queiran participar, dividido nas modalidades de infantil e adulto, nas categorías de individual, parellas e comparsas, dotados cunhas contías de 6.850,00 € o concurso de adultos e 1.150,00 € o concurso infantil. A estes efectos, propónse a súa convocatoria e execución.

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria na partida 33000.48101 RC: 6019/22 do vixente orzamento municipal, procederá, previa a fiscalización correspondente, a aprobación polo órgano correspondente.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do Concurso Infantil de Disfraces Entroido 2022, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola Ilma. tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de

CULTURA

CFL/cal

Ref: 2022/G001/001158

Asunto: Decreto aprobando bases concurso infantil de disfraces Entroido 2022

16/04/2021 na súas actuais redaccións, *PROPONSE* para a súa aprobación pola Ilma. Tenente de Alcaldesa titular da Área:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do Concurso Infantil de Disfraces Entroido 2022.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso Infantil de Disfraces Entroido 2022 que seguidamente se transcriben:

<< BASES CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2022, a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso Infantil de Disfraces, tendo en conta as seguintes bases:

1. *Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.*
2. *Categorías: diferénciase na modalidade INFANTIL a seguinte clasificación para o disface:*

- Individual.
- Parellas.
- Comparsas.

3. *Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 25 de febreiro, ás 14:30 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitud inscrición CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022" e achegando a folia de inscrición que figura como anexo a estas bases.*

4. *O concurso terá lugar o día sábado 26 de febreiro a partir das 17:00 horas. Os **participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile.** Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. A resolución do procedemento terá lugar nese mesmo acto coa correspondente comunicación aos gañadores*

5. *Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.*

6. *Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:*

INDIVIDUAL:

1º premio: 2 vales por importe total de 100,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 80,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 50,00 €

PARELLAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 150,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 120,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 90,00 €

COMPARSAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 240,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 180,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 140,00 €

Os premios entréganse en **vales** que sumarán entre os dous o importe total do premio:

- un por lote de libros (que pode incluír material escolar ou de papelería)

- outro para actividades de ocio e tempo libre.

Terán unha validez de tres meses, contados a partir do día do concurso, 26 de febreiro de 2022.

Cada vale deberá ser empregado nun só establecemento e non poderá fraccionarse.

7. Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Calidade.
- Presentación.

8. Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES. >>

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.150,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC: 6919/22 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.

CULTURA

CFL/cal

Ref: 2022/G001/001158

Asunto: Decreto aprobando bases concurso infantil de disfraces Entroido 2022

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

Visto informe de fiscalización previa núm. 2022/104, de data 01/02/2022, de carácter favorable.

En virtude das atribucións que confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 28/452, de 17/07/2019 e Decreto número 2973/2021 de 16/04/2021 nas súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do concurso infantil de disfraces Entroido 2022.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do concurso de infantil de disfraces Entroido 2022 que seguidamente se transcriben:

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2022, a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso Infantil de Disfraces, tendo en conta as seguintes bases:

1. Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.
2. Categorias: diferénciase na modalidade INFANTIL a seguinte clasificación para o disfracese:

- Individual.
- Parellas.
- Comparsas.

3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 25 de febreiro, ás 14:30 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitud inscripción CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022" e achegando a folia de inscrición que figura como anexo a estas bases.

4. O concurso terá lugar o día sábado 26 de febreiro a partir das 17:00 horas. **Os participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile.** Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. A resolución do procedemento terá lugar nese mesmo acto coa correspondente comunicación aos gañadores

5. Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

6. Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:

INDIVIDUAL:

1º premio: 2 vales por importe total de 100,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 80,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 50,00 €

PARELLAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 150,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 120,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 90,00 €

COMPARSAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 240,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 180,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 140,00 €

Os premios entréganse en **vales** que sumarán entre os dous o importe total do premio:

- un por lote de libros (que pode incluír material escolar ou de papelería)

- outro para actividades de ocio e tempo libre.

Terán unha validez de tres meses, contados a partir do día do concurso, 26 de febreiro de 2022.

Cada vale deberá ser empregado nun só establecemento e non poderá fraccionarse.

7. Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.

CULTURA

CFL/cal

Ref: 2022/G001/001158

Asunto: Decreto aprobando bases concurso infantil de disfraces Entroido 2022

- Orixinalidade.
- Calidade.
- Presentación.

8. Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.150,00,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC 6019/22 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.

QUINTO.- Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, ao interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

ANEXO ÁS BASES (ficha de inscrición)

CATEGORÍA INFANTIL
Sábado, 22 de febreiro

1.- Seleccionar a categoría de disfrace na que se vai participar:

INDIVIDUAL PARELLA COMPARSA

PARTICIPANTE Nº (que cubrirá o Concello) _____

2.- DATOS PERSOAIS

-Nome e apelidos: _____

- IDADE: _____

-Teléfono da nai ou pai- _____

-Correo electrónico _____

3.- DATOS DO DISFRACE

-Nome do disfrace _____

-Número de compoñentes da comparsa e idades _____

4.- OBSERVACIÓNS:

VEHÍCULO Matrícula do vehículo: _____ Dimensións do vehículo:

MÚSICA PROPIA

-Outras observacións:

AUTORIZACIÓN PATERNA/MATERNA /TITOR/A

CULTURA

CFL/cal

Ref: 2022/G001/001158

Asunto: Decreto aprobando bases concurso infantil de disfraces Entroido 2022

D/D^a _____ con
DNI _____

Autorizo:

- Á toma de imaxes en grupo dos asistentes, susceptibles de ser utilizadas para a información e divulgación da actividade nos medios de comunicación e nas redes sociais do Concello de Lugo.

Lugo, _____ de _____ de 2022

NAI/PAI/TITOR

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), se lle proporciona a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO. A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na praza Maior, 1, 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Identidade: Concello de Lugo
- CIF: P-2702800-J
- Teléfono:

FINALIDADE. No Concello de Lugo trataremos a información que nos facilita para o uso de imaxes dos menores nas actividades culturais. Os datos dos usuarios do servizo conservaranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

LEXITIMACIÓN. A Lexitimación do tratamento da imaxe dos menores baséase no consentimento dos titores ou representantes legais destes.

DESTINATARIOS. Non se prevé a comunicación dos datos facilitados.

DEREITOS. Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se no Concello de Lugo estamos tratando datos persoais que lles afecten ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que ten facilitados ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Lugo da maneira automatizada (medios informáticos).